



REGULAMENTO PARA O PRÉSTAMO DE BIOTRITURADORAS ELÉCTRICAS DO CONCELLO DE BARRO

O Concello de Barro oferta un servizo de préstamo de biotrituradoras co obxectivo de facilitar á veciñanza de Barro unha solución ecolóxica para aproveitar os restos vexetais leñosos procedentes de podas ou árbores secas. Ademais permitirá sacar do circuíto de recollida de lixo esta fracción, así como evitará a propagación de lumes por descuidos nas queimas. O material triturado permitirá o seu retorno ao solo, enriquecéndoo, ademais de poder ser usado como material estruturante na compostaxe doméstica.

Persoas usuarias do servizo

Poderán ser facer uso deste usuarios do servizo municipal de préstamo de biotrituradoras todas as persoas maiores de idade, ao corrente coas súas obrigas tributarias e empadroadas no concello de Barro.

As persoas solicitantes deberán ser persoas físicas e o seu uso deberá ser sempre no ámbito privado. Non poderán ser usadas por empresas nin ter ningún outra finalidade económica.

Solicitude

As solicitudes deberán facerse a través do Rexistro municipal, ben de forma presencial ou ben de forma electrónica, e poderán ser feitas cunha antelación máxima de 2 meses.

No caso de non haber disponibilidad nas datas indicadas pola persoa solicitantes comunicarase a non disponibilidad e ofertaranse novas datas por se for do interese da persoa solicitante.

Os préstamos durarán un máximo de 5 días naturais a contar a partir da data de recollida da biotrituradora.

Condições de utilización

- O emprego das trituradoras límitase a persoas físicas con vivenda empadroadas no concello de Barro para uso particular e privado, sempre dentro dos límites territoriais do concello, sendo a persoa usuaria a responsable a todos os efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias.
- O punto de recollida e entrega da biotrituradora será nas dependencias municipais en horario de oficina. Tanto no momento da entrega como da recollida comprobarase o bo

funcionamento e limpeza da máquina e do resto do material auxiliar (cables, manual de uso e seguridade e EPIS).

- Para retirar a biocrotrituradora deberase cubrir un modelo de **solicitude** (anexo 1); a **aceptación da entrega** de material en bo estado de funcionamento (anexo 2) e dun **manual de uso** e seguridade (anexo 3), así como das normas normas de utilización e obrigas das persoas usuarias da biotrituradora eléctrica en préstamo (anexo 4).
- A duración do préstamo límitase a 5 días, computándose o día da entrega e debendo devolvela o derradeiro día do préstamo. Os días de préstamo serán naturais, incluíndose no cómputo sábados, domingos e festivos. Cando o período de préstamo expire en día inhábil para a administración, a maquinaria deberá ser devolta no día hábil seguinte.
- Entre dous períodos de préstamo consecutivos, deberá pasar un mínimo de 10 días naturais.
- A máquina poderá ser entregada antes do prazo de fin do préstamo se así o considera a persoa usuaria

OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

➤ OBRIGAS

- Toda persoa usuaria do servizo está obrigado a un correcto uso da maquinaria en préstamo.
- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada ao cumprimento das normas establecidas.
- Toda persoa usuaria deberá respectar en todo momento estas normas, sen perxuízo do cumprimento doutros regulamentos, normas, e lexislación vixente que afecte ao emprego desta maquinaria ou as consecuencias da súa utilización.
- Serán de obrigado cumprimento as indicacións ofrecidas polo persoal responsable do servizo do concello no tocante ao mantemento e correcto funcionamento da máquina.
- Será obrigatorio o emprego do material de protección persoal indicado para o emprego do modelo en préstamo.
- Serán tamén obrigadas por parte da persoa usuaria as medidas de seguridade necesarias para garantir tanto a seguridade propia como a de outras persoas e animais.
- A persoa usuaria é a responsable de todo o que lle ocorra á máquina desde o momento da recollida ata o momento da entrega.
- Calquera incidente ocorrido durante o emprego da maquinaria deberá ser comunicado ao concello de Barro de forma urxente.

➤ PROHIBICIÓNS

- O préstamo, aluguer ou cesión de calquera natureza da maquinaria ou accesorios a favor de terceiras persoas
- O emprego da maquinaria fora dos límites territoriais do concello de Barro

- O emprego da maquinaria en limpeza de restos forestais.
 - A introdución de elementos distintos aos indicados para o emprego da maquinaria como ramas procedentes de podas de froiteiras, viña, árbores ornamentais, restos de xardinaría e horta.
 - A introdución de restos vexetais que superen o grosor, diámetro ou forma admitidos pola máquina.
 - A desmontaxe ou manipulación da maquinaria, excepto aquelas accións indispensables indicadas na capacitación ou no libro da máquina destinadas ao correcto funcionamento da mesma ou ao seu transporte.
- **Obrigas da persoa usuaria no caso de furto ou roubo**
- Efectuar unha denuncia na Garda Civil ou Xulgado de forma inmediata.
 - Comunicar telefónicamente ao Concello de Barro os feitos e presentar copia da denuncia.
 - No caso de non presentar denuncia, considerarase a inhabilitación definitiva no servizo e aplicarase o réxime sancionador correspondente á máquina en préstamo.



ANEXO 1

SOLICITUDE PRÉSTAMO DE BIOTRITURADORA ELÉCTRICA

SOLICITANTE:

Nome:		CIF/NIF:
Enderezo:		C:P::
Municipio:	Provincia:	Teléfono:

OBXECTO

Descrición das tarefas a realizar (podas domésticas, etc.):

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta en todo caso o seguinte:

- Que é maior de idade.
- Que coñece e acepta o regulamento para o préstamo de biotrituradoras eléctricas do concello de barro.
- Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias.
- Que está empadroadado/a no concello de Barro.
- Que o emprego da microtritadora será no ámbito privado.
- Que é o responsable a todos os efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias.
- Que antes de empregala vai ler o manual de uso e que non accionará a máquina se ten dúbidas sobre o seu manexo ou sobre a súa seguridade.
- Que non permitirá que terceiras persoas fagan uso ou mnaipulen a biotrituradora.
- Que non vai usar a biotrituradora e que a devolverá ante calquera sospeita de avaría ou de funcionamento irregular.
- Que fará uso en todo momento dos elementos de seguridade obrigatorios: luvas e gafas
- Que cumprirá coas condicións de utilización e as obrigas das persoas usuarias.

Barro , a de de 202.....

SINATURA DO/A SOLICITANTE

ANEXO 2

FICHA DE ENTREGA DA BIOTRITURADORA ELÉCTRICA EN PRÉSTAMO

USUARIA/O:

Nome:		CIF/NIF:
Enderezo:		C:P::
Municipio:	Provincia:	Teléfono:

➤ **DATA DE RECOLLIDA:**

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDAD O SEGUINTE:

- Que é maior de idade.
- Que coñece e acepta o regulamento para o préstamo das biotrituradoras eléctricas do concello de barro.
- Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias.
- Que está empadroad/a no concello de Barro.
- Que sabe cal é a función dunha biotrituradora e dos riscos que entrana o seu manexo.
- Que exonera o concello de Barro de calquera responsabilidade derivada do manexo, transporte e manipulación da biotrituradora.
- Que recolle a biotrituradora con todos os demais elementos auxiliares: caixón de recollida, cable extensible, gafas de protección e copia do manual de uso.
- Que é o responsable a todos os efectos do seu manexo, do seu correcto transporte e das súas consecuencias.
- Que antes de empregala vai ler o manual de uso e que non accionará a máquina se ten dúbidas sobre o seu manexo, sobre a súa seguridade ou a seguridade de terceiras persoas ou animais.
- Que non permitirá que terceiras persoas fagan uso ou manipulen a biotrituradora.
- Que se lle fai entrega das normas de utilización e as obrigas das persoas usuarias, das que fará un cumprimento estrito.
- Que recibe a máquina en bo estado de funcionamento

En Barro , a de de 202.....

SINATURA DO/A USUARIA/O

NORMAS DE UTILIZACIÓN E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS DA BIOTRITURADORA ELÉCTRICA EN PRÉSTAMO

➤ OBRIGAS

- Ler con detemento as normas de utilización das persoas usuarias de biotrituradoras municipais en préstamo
- Ler con detemento a copia do manual de uso que da biotrituradora
- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada a un correcto uso da maquinaria en préstamo.
- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada ao cumprimento das normas establecidas.
- Toda persoa usuaria deberá respectar en todo momento estas normas, sen perxuízo do cumprimento doutros regulamentos, normas, e lexislación vixente que afecte ao emprego desta maquinaria ou as consecuencias da súa utilización.
- Serán de obrigado cumprimento as indicacións ofrecidas polo persoal responsable do servizo do concello no tocante ao mantemento e correcto funcionamento da máquina.
- Será obrigatorio o emprego do material de protección persoal indicado para o emprego do modelo en préstamo: luvas e gafas de seguridade. É obrigada do/a usuario/a garantir tanto a seguridade propia como a de outras persoas e animais.
- A persoa usuaria é a responsable de todo o que lle ocorra á máquina desde o o momento da recollida ata o momento da entrega.
- Calquera incidente ocorrido durante o emprego da maquinaria deberá ser comunicado ao concello de Barro de forma urxente.
- Parar e devolver a biotrituradora ante calquera mínima sospeita de avaría ou de funcionamento irregular.

➤ **PROHIBICIÓNS**

- O préstamo, alugueiro ou cesión de calquera natureza da maquinaria ou accesorios a favor de terceiras persoas
- Introducir a man ou calquera outra parte do corpo pola boca da biotrituradora.
- O emprego da maquinaria fóra dos límites territoriais do concello de Barro.
- O emprego da maquinaria en limpeza de restos forestais.
- A introdución de elementos distintos aos indicados para o emprego da maquinaria (ramas procedentes de podas de froiteiras, viña, árbores ornamentais, restos de xardinaría e horta).
- A introdución de restos vexetais que superen o grosor, diámetro ou forma admitidos pola máquina.
- A desmontaxe ou manipulación da maquinaria, excepto aquelas accións indispensables indicadas no manual da máquina destinadas ao correcto funcionamento da mesma ou ao seu transporte.

➤ **OBRIGAS DA PERSOA USUARIA NO CASO DE FURTO OU ROUBO**

- Efectuar unha denuncia na Garda Civil ou Xulgado de forma inmediata.
- Comunicar telefónicamente ao Concello de Barro os feitos e presentar copia da denuncia.
- No caso de non presentar denuncia, considerarase a inhabilitación definitiva no servizo e aplicarase o réxime sancionador correspondente á máquina en préstamo.